

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

ORDE do 22 de novembro 2017 pola que se actualiza o Catálogo galego de árbores senlleiras.

A regulación do Catálogo galego de árbores senlleiras foi aprobada mediante o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, e foi modificada posteriormente polo Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, co obxecto de simplificar o procedemento administrativo para a catalogación e descatalogación das árbores, xa que logo, o procedemento contaba cunha tramitación complexa que difería a súa resolución, máis alá do desexable. Porén, as solicitudes de catalogación formuladas con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, tramitaranse de acordo co procedemento vixente no momento de formular a solicitude, tal como así o dispón a disposición transitoria única do Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro.

Tendo en conta este precepto, a inclusión ou exclusión das árbores e das formacións de calquera especie no catálogo das solicitudes presentadas con anterioridade á entrada en vigor do Decreto 10/2015, do 22 de xaneiro, farase mediante orde da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio, de acordo co establecido no artigo 4 do Decreto 67/2007, do 22 de marzo, antes da súa modificación.

Finalmente, o artigo 5.1 do Decreto 67/2007, crea o Comité das Árbores Senlleiras como órgano consultivo da Dirección Xeral de Patrimonio Natural nesta materia, con funcións de asesoramento en relación coas inclusións, exclusións e as diferentes actuacións que se levarán a cabo no contorno dos exemplares e formacións catalogados.

De acordo co anterior, desde a entrada en vigor do regulamento do Catálogo galego de árbores senlleiras, iníciase numerosos expedientes por instancia de parte. A Dirección Xeral de Patrimonio Natural realizou unha avaliación das características dendrométricas e do estado de conservación destas árbores e formacións, trasladando posteriormente esa información ao Comité das Árbores Senlleiras.

Nas sucesivas reunións deste órgano asesor, e unha vez aplicados os criterios de catalogación establecidos para tal efecto, o Comité das Árbores Senlleiras emitiu informe favorable ás solicitudes de inclusión de diversos exemplares e formacións nos correspondentes anexos do Catálogo galego de árbores senlleiras.



Unha vez finalizados os períodos de audiencia ás persoas interesadas e resoltos os correspondentes expedientes, cómpre finalizar o proceso de catalogación de diversos exemplares e formacións mediante a publicación da orde que estableza a súa inclusión no Catálogo galego de árbores senlleiras, unha vez constatadas as singularidades que presentan e que os fan merecentes de medidas especiais de protección.

En virtude do anterior, en concordancia co disposto no artigo 27.15 do Estatuto de autonomía e en uso das atribucións que me confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:**Artigo único**

1. Inclúense no anexo I (árbores senlleiras) do Catálogo galego de árbores senlleiras, as árbores recollidas no anexo I desta orde.

2. Inclúense no anexo II (formacións senlleiras) do Catálogo galego de árbores senlleiras, as formacións recollidas no anexo II desta orde.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 22 de novembro de 2017

Beatriz Mato Otero
Conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio

ANEXO I**Árbores que se inclúen no anexo I do Decreto 67/2007-Árbores senlleiras**

Código	Nome da árbore	Especie	Lugar	Concello	Provincia
152A	Carballo de Bermés	<i>Quercus robur</i> L.	Bermés	Lalín	Pontevedra
153A	Sequoia da Alameda do Campo da Estrela	<i>Sequoia sempervirens</i> L.	Alameda do Campo da Estrela	Santiago de Compostela	A Coruña
154A	Cerquiño de Queguas	<i>Quercus pyrenaica</i> L.	Cortes da Carballeira-Queguas	Entrimo	Ourense
155A	Castiñeiro do Oreal	<i>Castanea sativa</i> Mill.	Edroso	Viana do Bolo	Ourense



ANEXO II

Formacións que se inclúen no anexo II do Decreto 67/2007-Formacións senlleiras

Código	Nome da formación	Especie	Lugar	Concello	Provincia
33F	Sobreiras do Faro	<i>Quercus suber</i> L.	Viladesuso	Oia	Pontevedra
34F	Araucarias de Cambados	<i>Araucaria heterophylla</i> (Saslisb.) Franco	Cambados	Cambados	Pontevedra
35F	Carballeira de Muimenta	<i>Quercus robur</i> L e <i>Fraxinus excelsior</i> L.	Muimenta	Cospeito	Lugo
36F	Piñeiros mansos do Rosal	<i>Pinus pinea</i> L.	Barrio Couselo	O Rosal	Pontevedra

